

# LISTAXE DE NECESIDADES DE RECURSOS E SERVICIOS

Curso 2019/2020

R1-IA01


R1-IA01

## Necesidades de recursos e servizos

As infraestruturas da Facultade de Historia son, en gran parte, compartidas coa Facultade de Ciencias de Educación, centro co que compartimos espazos dedicados á docencia e ao profesorado. Se ben os edificios son comúns, as aulas e os despachos adscribíense a un u outro.

O Centro ten asignado un orzamento para cubrir os gastos durante un ano natural. Unha vez coñecida a cantidade global, o equipo decanal propón un reparto entre as distintas partidas que é validado pola Comisión de Calidade e aprobado pola Xunta de Facultade. A partida que se relaciona coas melloras dos recursos materiais e servizos relacionados coa docencia é a correspondente a "Material subministración e outros" (0022). A continuación definimos as necesidades e os respectivos medios que se aplican.

En relación ás aulas e o laboratorio de informática, a facultade asume a adquisición e mantemento dos equipos para a docencia (ordenadores, canóns, pizarras...), mentres que as melloras do mobiliario son asumidas pola vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade (acolchado de cadeiras, enchufes...). Por outro lado, os gastos de reparacións e/ou mantemento (ascensores, gasoil, avarías...) dos edificios son planificados e definidos pola administración do campus. Se ben nas dúas primeiras accións a capacidade de decisión do equipo decanal é total, no terceiro caso, as decisións son totalmente alleas ao Centro, a pesar de que a partida de "reparación Mantemento e Conservación" (0021) está adscrita á Facultade de Historia e supón o tripla do total do que dispoñemos.

Así mesmo, en función da docencia que se imparte cada curso, ao profesorado se lle asigna unha cantidade reducida para material docente non inventariable. De contar con orzamento suficiente, o Centro asume de forma progresiva os gastos de mantemento e actualización dos seus equipos informáticos. Neste caso se realiza unha solicitude ao decanato e a decana autoriza o gasto. Dado que, habitualmente, a asignación da Facultade non é moi elevada, se o profesorado conta con outra financiación (Proxectos competitivos, Grupo de Investigación...) adquire por esta vía o material inventariable. Outra fonte de Financiación procede do Departamento, neste caso, a asignación que permite investimentos relacionados coa docencia dependen de dous partidas que derivan da produción de investigación e da produción de transferencia que se asigna a cada docente anualmente que presenta os seus méritos en tempo e forma. Depende de cada área que esta asignación vaia directamente ao docente ou que as áreas dispoñan da cantidade en común. A autorización deste gasto corresponde á Dirección do Departamento.

Para os laboratorios docentes a vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade distribúe cada ano unha cantidade a maiores do orzamento do Centro. Na facultade de Historia, en Xunta de Facultade, aprobouse distribuír, de xeito rotativo, este orzamento a un total de tres laboratorios. Deste xeito, cada tres anos pode renovarse o equipamento dos respectivos laboratorios docentes.

Outro aspecto imprescindible da docencia, especialmente na súa modalidade semipresencial, pero tamén na presencial é o mantemento e a infraestrutura TIC, referímonos tanto á plataforma docente FaiTic como os servizos de UVigo TV que permiten a gravación das clases, ben na propia aula, ben a través de e-meeting. En ambos casos a competencia recae sobre a Área ATIC baixo a coordinación da vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade.

De xeito periódico a decana mantén xuntanzas co persoal de Servizo de Prevención de Riscos Laborais no que se describen aqueles aspectos que deben ser cambiados e/ou mellorados.

Outro aspecto menos relacionado coa docencia, pero si cos recursos materiais que utiliza o alumnado no seu período formativo refírese a certos servizos que son comúns no campus. No noso caso, a Biblioteca centralizada do campus ocupa un lugar esencial. O profesorado do centro dispón dunha cantidade por ano para mercar material bibliográfico, tanto para a docencia como para a investigación. Este orzamento pode verse ampliado a través da partida de Proxectos de Investigación e dos Grupos. Outros recursos, alleos ao Centro, son as instalacións deportivas cuxo mantemento depende da vicerreitoría do campus.

Tanto a Comisión de Calidade que validou este rexistro, como a Xunta de Facultade que o aprobou, opina que debemos deixar constancia de que o documento descrito obedece a unha situación de normalidade, e que somos conscientes que dada a circunstancia provocado polo COVID-19 estas circunstancias serán obxecto de revisión no vindeiro curso.